

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
 - 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade co artigo 11 da Lei Xeral de Sanidade, cal das seguintes é unha obrigación dos cidadáns coas institucións e organismos do sistema sanitario?

- A) Responsabilizarse do uso adecuado das prestacións ofrecidas polo sistema sanitario.
- B) Elixir o médico e demais titulados sanitarios.
- C) Participar a través das institucións comunitarias nas actividades sanitarias.
- D) Obter os medicamentos e produtos sanitarios que se consideren necesarios para promover, conservar ou restablecer a súa saúde.

2. Segundo a Lei galega 3/2001 do 28 de maio reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica:

- A) É propiedade, en todo caso, do médico ou profesional responsable.
- B) Conterá suficiente información para identificar ao paciente e documentar o seu proceso de atención sanitaria.
- C) Debe destruírse unha vez que transcorran cinco anos desde o falecemento do paciente.
- D) Non pode conter valoracións nin informacións sobre a situación do paciente.

3. A lei 55/2003, do Estatuto Marco, atendendo ao nivel académico do título esixido para o ingreso, clasifica ao persoal estatutario sanitario en:

- A) Facultativos, diplomados universitarios e auxiliares de enfermería.
- B) Facultativos especialistas de área e diplomados universitarios de enfermería.
- C) Persoal de formación universitaria e persoal de formación profesional.
- D) Persoal técnico e persoal auxiliar.

4. De acordo co previsto no artigo 2 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, a provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde rexerese polos principios básicos de:

- A) Igualdade, mérito, capacidade e publicidade na selección.
- B) Promoción do persoal.
- C) Mobilidade do persoal.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

5. Segundo o artigo 51 da Lei 55/2003 do Estatuto Marco, o persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido entre o fin dunha xornada e o comezo da seguinte de:

- A) 8 horas.
- B) 10 horas.
- C) 12 horas.
- D) 15 horas.

6. O artigo 41 da Constitución española establece que os poderes públicos manterán:

- A) Un réxime público de Seguridade Social para todos os cidadáns.
- B) Un réxime público de Seguridade Social para todos os españois.
- C) Un réxime público e privado de Seguridade Social para todos os cidadáns.
- D) Un réxime público e privado de Seguridade Social para todos os españois.

7. A Lei 8/2008, de Saúde de Galicia, establece que, dentro das súas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria:

- A) O Consello da Xunta e o titular da Consellería de Sanidade.
- B) O Consello da Xunta, o titular da Consellería de Sanidade e os alcaldes.
- C) O Consello da Xunta.
- D) O titular da Consellería de Sanidade

8. Sinale cal das seguintes NON é unha función do Parlamento de Galicia:

- A) Exercer o poder executivo da Comunidade Autónoma.
- B) Elixir de entre os seus membros ao Presidente da Xunta de Galicia.
- C) Interpoñer recursos de inconstitucionalidade.
- D) Exercer a potestade lexislativa da Comunidade Autónoma.

9. Aos efectos da Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, enténdese por "datos de carácter persoal":

- A) Calquera información concernente a persoas físicas ou xurídicas.
- B) Calquera información concernente a persoas físicas ou xurídicas identificadas.
- C) Calquera información concernente a persoas físicas identificadas.
- D) Calquera información concernente a persoas físicas identificadas ou identificables.

10. A lei 31/1995 de prevención de riscos laborais establece que a función da vixilancia e control da normativa sobre prevención de riscos laborais corresponde a:

- A) Aos Gobernos das Comunidades Autónomas.
- B) Ministerio de Sanidade.
- C) Instituto Nacional da Seguridade Social.
- D) Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Preguntas de reserva

1. Sinale en que supostos os facultativos poderán levar a cabo as intervencións clínicas indispensables a favor da saúde do paciente sen necesidade de contar co consentimento informado:

- A) En ningún suposto. O consentimento informado é sempre necesario.
- B) Cando existe risco para a saúde pública e así se declare pola autoridade competente.
- C) Cando se trate dun menor de idade.
- D) As respostas b) e c) son correctas.

2. O artigo 6 da Lei Xeral de Sanidade establece que as actuacións das Administracións Públicas estarán orientadas a:

- A) A garantir a asistencia sanitaria en todos os casos de perda da saúde.
- B) A garantir que cantas accións sanitarias se desenvolvan estean dirixidas á prevención das enfermidades e non só á curación das mesmas.
- C) A promover as accións necesarias para a rehabilitación funcional e reinserción social do paciente.
- D) Todas as respostas son correctas.